

Semana 20-24 abril.

Tarefas CN 4ºB. Repaso tema 1.

1º día

Ola! , que tal, cansos de estar na casa. Ánimo xa queda menos!!

Neste trimestre imos facer un repaso do que dimos ata o mes de marzo.

Invítovos a que vexades este vídeo que é un resumo das funcións vitais.

<https://youtu.be/6H4BIXuBuZQ>

O tema 1 fala dos sentidos. Son os principais órganos do corpo humano e do resto dos animais que permiten que nos relacionemos co medio que nos rodea.

Imos repasar o que son as funcións vitais completando coas palabras que faltan:

Substancias nutritivas, captar, cerebro, substancias de refugallo, resposta, obter enerxía, ósos, músculos, descendentes, nervios, obtén osíxeno.

1. A función de relación

É a capacidade para o que acontece ao noso redor e reaccionar ante iso. Os órganos, aparatos e sistemas que interveñen nesta función son:

Os órganos dos sentidos, como os ollos.

O aparato locomotor,e, que executan as ordes do cerebro e nos permiten movernos.

O sistema nervioso. O e os, que reciben a información dos órganos dos sentidos e ordenan as

2. A función de nutrición

A función de nutrición permítenos e asimilar as substancias para crecer e manternos vivos. Os aparatos que interveñen na función de nutrición son:

- **O aparato dixestivo**. Transforma os alimentos en substancias nutritivas.
- **O aparato respiratorio**. do aire e expulsa dióxido de carbono como refugallo.
- **O aparato circulatorio**. Transporta a través do sangue as
- **O aparato excretor**. Expulsa as

3. A función de reprodución

Durante o embarazo, o bebé desenvólvese dentro da súa nai.

Esta función permítenos ter grazas ao aparato reprodutor, que é diferente nos homes e nas mulleres.

- O **aparato reprodutor feminino** consta de útero, ovarios e vulva.
- O **aparato reprodutor masculino** está formado polo pene e os testículos.

2º día:

As persoas desde que nacen ata que morren van pasando por etapas no seu desenvolvemento.

A seguinte lectura danos información desas etapas do crecemento das persoas.

Nacemos e medramos

Coma todos os seres vivos, os seres humanos nacemos e imos cambiando ao longo da nosa vida.

Co paso do tempo, medra e muda o noso corpo.

Cando somos nenos, medramos moi axiña: a nosa altura e o noso peso aumentan rapidamente. A partir dos 15 anos, medramos máis amodo. Ademais, a partir desa idade aparecen máis diferenzas entre o corpo dun neno e o dunha nena. Cando nos convertemos en persoas adultas, o noso corpo xa non medra. Co paso do tempo, tamén aumentan a nosa intelixencia e os nosos coñecementos. E é que, ao longo da vida, todos aprendemos moitas cousas novas.

Contesta as seguintes preguntas relacionadas coa lectura:

Cantas etapas do crecemento fai referencia a lectura.....

Escribe o seu nome:.....

Imos canviar a presentación da información en forma de táboa. Póñoche un exemplo

Nenos e nenas		
-Medramos moi axiña. A talla e o peso aumentan moi apresa		